**Federación Galega de Atletismo – Delegación de Ourense**
Rúa Carlos Maside, s/n
Locais Federacións Deportivas
32003 Ourense
Tfno. e Fax: 988 245 353
Tfno. Móvil: 671 052 185
Enderezo Electrónico: ourense@atletismo.gal
Sitio WEB: https:\\www.atletismo.gal
Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

**4ª XORNADA XXXVII COPA DEPUTACION DE ATLETISMO EN PISTA**
**Sabado, 12 de decembro de 2.020 - Pista de Atletismo Cuberta de Ourense – Expourense**
**PENDENTE APROBACIÓN PROTOCOLO COMPETICION PISTA CUBERTA**

1.- A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e o seu patrocinador a Excma. Deputación Provincial de Ourense organizan o sábado 12 de decembro de 2.020 a 4ª Xornada de XXXVII Copa Deputación de Atletismo en Pista na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense no recinto de Expourense.

2.- Horario **Correxido segundo inscrición recibida:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 11:00 | 60V | SUB16 MAS | SERIE 1 |
| 11:10 | 60V | SUB16-18 FEM | SERIE 1 |
| 11:17 | 60V | SUB16-18 FEM | SERIE 2 |
| 11:30 | 300M | SUB16 MAS | SERIE 1 |
| 11:37 | 300M | SUB16 MAS | SERIE 2 |
| 11:50 | 300M | SUB16 FEM | SERIE 1 |
| 11:57 | 300M | SUB16 FEM | SERIE 2 |
| 12:04 | 300M | SUB16 FEM | SERIE 3 |
| 12:15 | 200M | MAS | SERIE 1 |
| 12:22 | 200M | MAS | SERIE 2 |
| 12:29 | 200M | MAS | SERIE 3 |
| 12:36 | 200M | MAS | SERIE 4 |
| 12:43 | 200M | FEM | SERIE 1 |
| 12:50 | 200M | FEM | SERIE 2 |
| 13:00 | 60M | SUB14 MAS | SERIE 1 |
| 13:07 | 60M | SUB14 MAS | SERIE 2 |
| 13:14 | 60M | SUB14 MAS | SERIE 3 |
| 13:25 | 60M | SUB14 FEM | SERIE 1 |
| 13:32 | 60M | SUB14 FEM | SERIE 2 |
| 13:39 | 60M | SUB14 FEM | SERIE 3 |
| 13:46 | 60M | SUB14 FEM | SERIE 4 |
| 13:53 | 60M | SUB14 FEM | SERIE 5 |

Comunicar Renuncias ata as 20’00 do xoves día 10 no correo electrónico: ourense@atletismo.gal

3.- Cada Atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada de dorsal a folla de Declaración Responsable.
https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/1.Declaraci%C3%B3n-Responsable-ProtocoloFGA.pdf

4.- Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con licencia federativa en vigor para a tempada actual (2020). Non se permitirá o acceso dos atletas a instalación ata 60’ antes da súa pobra e deberán abandoar a instalación, a maior brevedade posible, unha vez finalizada a súa participación. Non se publicarán resultados, haberá resultados en directo na web www.atletismo.gal.

5.- Limitación na inscripción. Cada atleta poderá realizar un máximo de 1 proba. Rexeitarase a inscrición dos atletas inscritos en máis de 1 proba, non serán admitidos en ningunha delas e non se admitirá a súa participación.

6.- As inscricións faranse a través do sistema online da web da rfea https://isis.rfea.es/sirfea2/, ata as 20.00 horas do martes anterior a disputa da proba. **A organización priorizará a participación dos atletas con licenza por Clubes da Provincia de Ourense.** No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre. A organización utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal para a acreditación das marcas dos participantes. En ningún caso se aceptarán inscricións fora de prazo.

7.- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 3€ por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico ourense@atletismo.gal con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6€ por atleta con datos falsos.

8.- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma total visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Sera responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

9.- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa. Por Protocolo Covid-19 e polas restriccións de aforo nas gradas por Protocolo da propia instalación, a Organización acreditará a 1 Delegado/a-Responsable por Clube participante e 1 adestrador por cada 10 atletas que presente cada Clube participante; deberán cubrir o formulario habilitado ó efecto no sitio web https:\\www.atletismo.gal.

10.- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola F.G.A., así como as indicacións do Responsable COVID-19 da F.G.A. A maiores as normas COVID-19 que establezan os responsables da instalación.

11.- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

**Federación Galega de Atletismo – Delegación de Ourense**
Rúa Carlos Maside, s/n
Locais Federacións Deportivas
32003 Ourense
Tfno. e Fax: 988 245 353
Tfno. Móvil: 671 052 185
Enderezo Electrónico: ourense@atletismo.gal
Sitio WEB: https:\\www.atletismo.gal

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia



En Ourense a 4 de decembro de 2.020

O DELEGADO FGA EN OURENSE
Angel Fidalgo Vázquez
(asinado no original)